

MOSTRA DE TRAXES REXIONAIS DA XLVIII FESTA DO MARISCO


BASES

O Concello do Grove convoca a MOSTRA DE TRAXES REXIONAIS da XLVIII edición da Festa do Marisco, segundo as seguintes

B A S E S:

- 1ª) TEMA: Indumentaria tradicional galega.
- 2ª) Aquelas persoas que desexen participar nesta mostra deberán presentarse, vestidas co seu traxe rexional galego, na Carpa Institucional da Festa do Marisco (instalada na praza do Corgo, en fronte á Casa do Concello). Alí fotografaranse e daráselles un recibo de participación.
- 3ª) As fotografías serán expostas nun panel no interior da Carpa Institucional.
- 4ª) Esta mostra durará do 30 de setembro ao 12 de outubro, durante toda a Festa.
- 5ª) PREMIOS:
 - Todos os participantes menores de 12 anos recibirán unha bolsa de lambetadas e unha entrada para o Acuario do Grove.
 - Todos os participantes maiores de 12 anos recibirán un vale para degustar unha sobremesa na Festa do Marisco e unha entrada para o Centro de Interpretación da Pesca e da Salga.
- 6ª) A participación nesta mostra implica a aceptación das presentes bases.

O Grove, 1 de setembro de 2011



Miguel Ángel Pérez García
Alcalde do Ilmo. Concello do Grove